

ANEXO

Curso/actividade		CURSO SOBRE MEDICIÓN DE RUIDOS	
Número curso:			
Lugar:			
Datos:			

DATOS DO SOLICITANTE			
NIF	Nome	Apelidos	Data de nacemento
Enderezo particular			
Rúa	Provincia		Código postal
Concello			
Telefone	Fax	Enderezo de correo electrónico	

Datos profesionais	
Corpo de pertenza	
Grupo de titulación	
Clase	
Ano de ingreso no corpo	
Situación administrativa	
Entidade	

DECLARACIÓN
Declaro pola miña honra que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude.
_____/_____/_____ (Sinatura do/a solicitante)

INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU PERSOAL RESPONSABLE
Vista a solicitude formulada polo interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado.
_____/_____/_____ (Sinatura e selo da entidade)

Academia Galega de Seguridade Pública
Deputación Provincial de Pontevedra

Resolución do 25 de agosto de 2009 pola que se convoca un curso básico de capacitación para a categoría de policía dos corpos de policía local.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase o desenvolvemento do curso básico de capacitación para a categoría de policía dos corpos de policía local, segundo o previsto no artigo 35.2º da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

Dotar os policía dunha formación teórico-práctica de carácter inicial, específica para as funcións propias dos corpos de policía local, facilitándolles a competencia e capacidade necesarias para o posterior desempeño da súa actividade profesional.

Destinatarias/os.

O curso vai dirixido a todas aquelas persoas que superaron as correspondentes probas de acceso á

categoría de policía dos diferentes concellos de Galicia.

Inscrición.

A inscrición é gratuíta.

A academia procederá a reservar definitivamente a correspondente praza segundo a comunicación da inscrición por parte do concello de procedencia.

Prazas.

Sen límite.

Solicitudes.

1. Os concellos deberán remitir un escrito á Academia Galega de Seguridade Pública en que soliciten as correspondentes prazas de reserva e certificación das persoas que superaron as correspondentes probas de oposición á categoría de policía, así como cubrir o anexo con todos os datos nel reflectidos referidos aos solicitantes de praza.

2. O prazo para a remisión de escritos rematará o día 9 de outubro de 2009.

3. Os escritos deberán enviarse á Academia Galega de Seguridade Pública: avenida da Cultura s/n, 36680 A

Estrada. Previamente remitiranse por fax (886 20 61 22) para axilizar os correspondentes trámites.

Contido e duración do curso.

O curso desenvolverase na Academia Galega de Seguridade Pública, en sesións de mañá e tarde, de luns a venres, e nel trataranse, entre outros, os seguintes módulos:

- Misión e funcións policiais.
- Policía de protección e seguridade.
- Policía de tráfico e transporte.
- Policía xudicial e de investigación.
- Policía administrativa.
- Módulo transversal.
- Módulo profesional: formación en centros de traballo (concellos).

O curso terá unha duración de nove meses, seis de formación teórica na academia e tres de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

Desenvolvemento do curso.

O alumnado da Academia Galega de Seguridade Pública durante o seu período de permanencia nesta rexerá polo seu regulamento de réxime interior, publicado pola Orde do 4 de febreiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no DOG número 30, do 12 de febreiro.

Datas e horario:

-O curso, de carácter teórico-práctico, desenvolverase do 19 de outubro ao 30 de abril de 2010, en horario de luns a xoves das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas, e venres das 9.00 ás 14.00 horas. Desde o 23 de decembro de 2009 ao 6 de xaneiro de 2010 desenvolverase o primeiro período de prácticas nos concellos.

-O período de prácticas final comezará o 1 de maio e rematará o 16 de xullo de 2010.

Certificado.

De acordo co previsto no artigo 19 de Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, unha vez superado o curso e o período de prácticas, a Agasp emitirá un informe que certifique a dita superación, de modo que o concello de pertenza poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na categoría de policía.

Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 25 de agosto de 2009.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO

ENTIDADE DE PERTENZA

CURSO SELECTIVO PARA PERSOAL DO CORPO DE POLICÍA LOCAL

CATEGORÍA: POLICÍA

CONCELLO DE PROCEDENCIA:

1. SOLICITANTE

Apelidos:..... Nome: DNI:.....

Data de nacemento: __/__/__ Correo electrónico: Teléfono:

Enderezo particular:

Rúa: Concello: Provincia:

2. DATOS PARA A UNIFORMIDADE (Sinale cun círculo o talle correspondente)

Uniforme.

Pantalón: 36-38-40-42-44-46-48-50-52-54-56-58-60

Camisa: 36-37-38-39-40-41-42-43-44-45-46-47-48-49-50

Xerse: 40-42-44-46-48-50-52-54-56-58-60

Zapatos: 36-37-38-39-40-41-42-43-44-45-46-47-48-49-50

Chándal ou suadoiro: XXL - XL - L - M

3. SINATURA DA/DO SOLICITANTE

_____, _____ de _____ de 200__.

Sinatura da/o solicitante